

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 5 DE FEBREIRO DE 2016 POLA QUE SE DÁ PUBLICIDADE Á CAMPAÑA DE VIXILANCIA DA SAÚDE 2016 NO ÁMBITO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 22 da Lei 31/1995 de Prevención de riscos laborais, polo que "o empresario garantirá aos traballadores ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo", publícase a presente convocatoria a todo o persoal da Universidade da Coruña (PDI, PAS e PCP) para a súa inscrición na Campaña de vixilancia da saúde 2016.

Esta inscrición realizarase, como nas anteriores campañas, cubrindo un formulario a través da páxina web <https://servizos.udc.es>. Posteriormente levaranse a cabo os procesos de citación para que cada traballador/a poida elixir a hora que mellor se axuste á súa xornada laboral.

A inscrición debe incluír todos os datos que figuren no formulario. A falta dalgún deles impedirá a tramitación da solicitude.

O prazo de inscrición comezará o día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro electrónico da UDC e rematará o domingo día 6 de marzo de 2016.

Publicarase ademais nas seccións de actualidade PDI e PAS da web da UDC, nos taboleiros de prevención dos diferentes centros de traballo e a través do correo electrónico.

A non inscrición neste período, implicará que o/a traballador/a renuncia ao recoñecemento médico de forma voluntaria.

Este prazo non contará para o persoal de novo acceso ao posto de traballo, persoal desprazado por motivos laborais, ou persoal que se incorpore ao posto de traballo logo de ausencia prolongada por motivos de saúde, que poderá inscribirse por medio dun formulario específico no momento en que se produza a súa incorporación.

O calendario estimado de realización de vixilancia da saúde é o seguinte:

CENTROS	PERÍODO APROXIMADO DE ATENCIÓN SANITARIA
Campus da Coruña - Reitoría e Club Universitario.	Meses de marzo e abril
Campus da Coruña - Riazor	Mes de abril
Campus da Coruña - Oza	Meses de abril e maio
Campus da Coruña - Elviña	Meses de maio, xuño, xullo e setembro
Campus da Coruña - A Zapateira	Meses de outubro, novembro e decembro
Campus da Coruña - Bastiagueiro	Mes de decembro
Campus de Ferrol	Meses de marzo, abril, maio, xuño, xullo e setembro

Os informes de vixilancia da saúde serán facilitados en soporte informático a cada traballador/a polo Servizo de Prevención Alleo.

A Coruña, 5 de febreiro de 2016

O xerente

Juan Manuel Díaz Villoslada

**PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS
PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR
PERSOAL CONTRATADO CON CARGO A CONVENIOS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN**